



ANEXO III

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: PROX.UE- EU1.5º LIFESTYLES (G.A. 101003880)			
Título: POLICIES AND TOOLS FOR MAINSTREAMING 1.5º- LIFESTYLES (EU 1.5º LIFESTYLES)			
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos:			
PERÍODO AXUDA:		INICIO: 01.05.2021 FIN: 30.04.2025	
CENTRO Inv. Principal: Facultade de Ciencias da Educación			
OBJECTO DO CONTRATO:			
Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.			
LUGAR E HORARIO: Facultade de Economía e Empresa (Luns a venres, 10:00-14:00; 15:30-19:00)			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo 1			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador/a asociado/a ☒		Investigador/a en formación ☐ * Require matrícula programa doutoramento SUG	
Técnico/a de apoio á investigación ☐		Axudante de apoio á investigación ☐	
Técnico/a administrativo/a ☐		Axudante administrativo/a ☐	
XORNADA	Tempo Completo: ☒	Tempo Parcial: ☐	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 16.12.2022
TIPO DE CONTRATO: Indefinido ☐		Duración determinada ☒	
		DATA FIN CONTRATO: 15.05.2024	
RETRIBUCIÓN BRUTAS : 2450			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 6520280119 541A 649.02.00			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Titulo de doutor/a
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.
Dirixidas á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria .
PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e dous suplentes): Adina Dumitru, Marta Rey, Vanessa Mato Santiso;
Suplentes: Pilar Vieiro, Manuel Peralbo
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

A Coruña/Ferrol, 09 de novembro de 2022

O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.: Adina Dumitru

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	5zIBnBsUGCSARveMjB0Cuw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Adina Claudia Dumitru	Asinado	11/11/2022 11:37:27
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/5zIBnBsUGCSARveMjB0Cuw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

TAREFAS A REALIZAR

O proxecto POLICIES AND TOOLS FOR MAINSTREAMING 1.5°- LIFESTYLES (EU 1.5° LIFESTYLES) é unha asociación (partenariado) de 10 universidades. Coordinado por Westfaelische Wilhelms- Universitaet Muenster (WWU) de Alemaña, o proxecto conta coa participación doutros 6 países europeos (Holanda, Suecia, Hungría, Finlandia, España e Letonia). O proxecto parte da necesidade de implementar accións e cambios nos estilos de vida para limitar o quecemento global desde o lado da demanda (para a aproximación 1.5° aos estilos de vida véxase p.ex. Akenji et al. 2019). O obxectivo do proxecto é xerar evidencia cuantitativa e cualitativa sobre a contribución de cambios específicos en estilos de vida á mitigación do cambio climático; sobre o grao de aceptación cidadá dos cambios drásticos que require a transición dos estilos de vida á sustentabilidade; e sobre as limitacións estruturais que hai que abordar en paralelo aos cambios nos comportamentos individuais. Para cumprir estes obxectivos conectarase a análise dos comportamentos de consumo e outras perspectivas a nivel dos individuos ou os fogares coa análise de factores estruturais socioeconómicos e institucionais, desde o local ao internacional. O fin último é xerar coñecemento que facilite a elección baseada na evidencia de estilos de vida sostibles pola cidadanía e fomente a formulación de políticas de acción climática máis efectivas.

As tarefas principais do/a investigador/a incluírán:

- Apoio ao deseño e a implementación de indicadores de sustentabilidade e métodos cuantitativos de avaliación dos estilos de vida sostibles identificados no proxecto e o seu contexto socioeconómico, en toda a amplitude requirida polos obxectivos do proxecto: factores facilitadores e barreiras socioeconómicas estruturais para a transformación de estilos de vida, riscos potenciais de sustentabilidade da transformación en estilos de vida 1.5° a nivel individual e dos fogares (incluídos rebound effects), e implicacións da transición a estilos de vida 1.5° para os sistemas económicos e de benestar e os modelos de negocio das organizacións.
- Apoio ás tarefas de recollida de datos e aplicación de métodos de análise, tanto cuantitativos como cualitativos, en toda a amplitude requirida polos obxectivos do proxecto.
- Apoio á coordinación doutros socios implicados nas tarefas que coordina a UDC, ou nos paquetes de traballo nos que está implicada.
- Desenvolver publicacións científicas e de divulgación.
- Representar o equipo en reunións de proxecto cando sexa necesario.

REQUISITOS DOS CANDIDATOS E CRITERIOS DE SELECCIÓN

Bloque 1: Formación académica

Posuír o título de doutor/a nalguna das seguintes áreas de coñecemento: Economía, Empresa: 1,5 puntos Título de Doutor en Economía ou Empresa cunha tese doutoral de temática relacionada coa temática do proxecto e o obxecto do contrato: 0,5 puntos adicionais.

Título de doutor/a noutra área de coñecemento: 0,5 puntos.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	5zIBnBsUGCSARveMjB0Cuw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Adina Claudia Dumitru	Asinado	11/11/2022 11:37:27
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/5zIBnBsUGCSARveMjB0Cuw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Bloque 2: Coñecemento de inglés

Dominio do inglés oral e escrito nivel C1 ou equivalente, demostrable a través dun certificado lingüístico (Cambridge, Toefl, IELTS etc.) en vigor; ou de completar un mínimo dun curso académico de estudos de posgrao nun país/programa universitario de fala inglesa: 1,5 puntos

Nota: Se a suma das puntuacións alcanzadas nos bloques 1 e 2 non alcanzan un mínimo de 3 puntos, deixarase de puntuar.

Bloque 3: Experiencia

- Experiencia documentada coas metodoloxías de investigación e análise de datos cuantitativos. Puntuaranse segundo os seguintes criterios: cursos específicos de análises de datos cualitativos de mínimo 6 créditos (0,25 puntos por curso); realización do traballo de máster/tese doutoral utilizando técnicas cuantitativas de deseño e análise de datos (0,50 puntos); contratos de investigación que acrediten a realización de traballos relacionados coa experiencia esixida (0,5 puntos por ano de contrato); autoría de publicacións indexadas que acrediten a realización de traballos relacionados coa experiencia esixida (0,5 puntos por publicación) (ata 1 punto).

- Experiencia demostrable en técnicas cualitativas de análises de datos a través de cursos específicos de análises de datos cualitativos de mínimo 3 créditos (0,25 puntos por curso); contratos de investigación que acrediten a realización de traballos relacionados coa experiencia esixida (0,5 puntos por ano de contrato); ou autoría de publicacións indexadas que acrediten a realización de traballos relacionados coa experiencia esixida (0,5 puntos por publicación) (ata 1 punto).

- Experiencia demostrable en técnicas cuantitativas de análises de datos, con paquetes estatísticos como R, STATA, SPSS ou similares. Puntuaranse segundo os seguintes criterios: cursos específicos de técnicas cuantitativas de análises de datos de mínimo 3 créditos (0,25 puntos por curso); contratos de investigación que acrediten a realización de traballos relacionados coa experiencia esixida (0,5 puntos por ano de contrato); ou autoría de publicacións indexadas que acrediten a realización de traballos relacionados coa experiencia esixida (0,5 puntos por publicación) (1 punto).

- Experiencia previa de participación en proxectos nacionais, europeos ou internacionais obtidos en convocatorias competitivas, demostrable a través de contratos de investigación ou bolsas de colaboración (0,25 por ano e por proxecto en caso de bolsas, 0,50 puntos por ano por proxecto en caso de contratos de investigación, ata un máximo de 2 puntos).

Bloque 4: Publicacións

Publicacións en revistas internacionais indexadas JCR, relevantes para a temática do proxecto, con DOI. Cada artigo orixinal será valorado da seguinte maneira: 0,25 puntos/publicación, ata 1 punto, aplicando un coeficiente multiplicador de 0,5 a 2 pola relación co cuartil (cun multiplicador de 2 para as publicacións en revistas Q1), a área e a orde de autores.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	5zIBnBSUGCSARveMjB0Cuw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Adina Claudia Dumitru	Asinado	11/11/2022 11:37:27
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/5zIBnBSUGCSARveMjB0Cuw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Bloque 5: Entrevista persoal, en caso de empate (máx. 2 puntos).

O/a candidato/a seleccionado/a terá que alcanzar unha puntuación mínima de 5 puntos.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	5zIBnBsUGCSARveMjB0Cuw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Adina Claudia Dumitru	Asinado	11/11/2022 11:37:27
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/5zIBnBsUGCSARveMjB0Cuw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

